



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA

Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e
Universidade
Servizo de Inspección Educativa

Avenida M^a Victoria Moreno 43, 7^o planta
Pontevedra
Tel.: 986 805929 - 986 805918-986805970-
986805499
escolarizacions.pontevedra@edu.xunta.gal

galicia

ESCOLARIZACIÓN ORDINARIA

RESERVA DE PRAZA EN CENTRO ADSCRITO

PRAZO: do **11 de xaneiro** ao **8 de febreiro**

MODOS: Pódese facer a través dun dos seguintes:

1. Aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
2. No centro de orixe

ANULACIÓN: Se queren presentar unha solicitude de admisión no período ordinario (1 ao 21 de marzo)

Deberán presentar: Renuncia expresa e por escrito

No centro de adscripción

Antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión

SOLICITUDE DE ADMISIÓN

PRAZO: do **1 ao 21 de marzo**

MODOS: Pódese facer a través dun dos seguintes:

1. Aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
2. No centro de primeira opción

Unha **única** solicitude, na que se poden pór ata 6 centros por orde de preferencia

DOCUMENTACIÓN:

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta
- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a
- Certificado oficial do expediente académico, no seu caso
- Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor, no seu caso

Se o número de solicitudes é superior ao de prazas presentar **documentación no centro entre o 24 de marzo e 6 de abril ambos inclusive.**

CONSULTA

Os centros publicarán as listaxes de admitidos/non admitidos:

Listados provisionais: **antes do 25 de abril** (Reclamación: 5 días hábiles a partir do seguinte á publicación das listaxes)

Listados definitivos: **antes do 16 de maio**

O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes:

- A través da aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)
- Utilizando o **código de solicitude** e o número de **DNI da persoa solicitante**

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA

PRAZO: Infantil e Primaria: do **20 ao 30 de xuño**

ESO e Bacharelato: Ordinario: **25 de xuño ao 10 de xullo**

Unha vez adxudicada a praza escolar se non se formaliza a matrícula nos prazos establecidos, pérdese a vacante adxudicada e pérdese a praza escolar do centro educativo no que estaba matriculado/a o alumno/a anteriormente

FORMULARIOS: Reserva de praza (ED550A), Solicitude de admisión (ED550B)

Os formularios normalizados serán facilitados gratuítamente:

- Nos correspondentes centros docentes
- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>)
- Na aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>)

NORMATIVA

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG 11/02/2022)
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/03/2013)
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017)

Existencia de irmáns no centro:	
Por un/unha irmá/án matriculado no centro	8 puntos
Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro (máximo 14 puntos)	2 puntos cada un
Por irmáns nados dun parto múltiple, outogaráselle a cada un/unha delas/deles a puntuación prevista para unha irmá ou irmán matriculados no centro.	

Por ser traballador do propio centro:	
Por nai, pai, titores ou titores legais que traballen no centro	3 puntos

Por proximidade do domicilio familiar ao centro: (domicilio e lugar de traballo non suman)	
Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro	8 puntos
Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	4 puntos

Pola proximidade do lugar de traballo ao centro: (domicilio e lugar de traballo non suman)	
Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro	6 puntos
Se o lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos

Pola renda anual da unidade familiar: (Casiñas 435+460 renda 2020/nº membros unidade familiar a 28/02/2022) IPREM anual 6454,03 euros.	
Pola renda per cápita da unidade familiar (IPREM) se é inferior a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
Se é igual ou superior a 0,5 veces e inferior a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM	1 punto
Se é igual ou superior ao IPREM	0 puntos

Por pertencer a unha familia numerosa:	
Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos

Por familia monoparental: (Certificado da DX de Familia, Infancia e Dinamizac demográfica-Política Social)	2 puntos
---	-----------------

Por discapacidade: (Certificado Discapacidade ou xustifico cobro pensión incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez)	
Do alumno/a	4 puntos
Dos proxenitores/as, titores/as ou acolletores/as, novo cónxuxe ou análoga relación	3 puntos
Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno/a	1 punto

Por ser vítima de violencia de xénero: (Documento que acredite a situación segundo normativa vixente)	
Calquera dos membros da unidade familiar	2 puntos

Por ser vítima de violencia de terrorismo: (Documento que acredite situación segundo normativa vixente)	
Calquera dos membros da unidade familiar	2 puntos

Valoración do expediente académico para o acceso ao bachillerato:	
Nota media de sobresaliente	2 puntos
Nota media de notable	1 punto
Nota media de ben	0,50 puntos

Por criterios complementarios:	
Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, de acordo con criterios obxectivos, e que terán que facerse públicos polos centros con anterioridade ao inicio do proceso de admisión	1 punto